

A photograph of a dark, abandoned room. The walls are covered in peeling, patterned wallpaper. A window on the right is partially covered by vines. A doorway on the left leads to another room. The floor is dark and cluttered with debris. The overall atmosphere is eerie and neglected.

*Os Sonhos Esquecidos*  
Carlos Muños



*Os Soños Esquecidos*  
*Carlos Muinos*

## *Os soños esquecidos*

Se chegaches ata aquí é porque che pareceu interesante que alguén se pare a buscar lugares abandonados para facer fotografías, que perda o seu tempo localizándoos e viaxando ata eles para poder exploralos e fotografalos. Os espazos deshabitados convértese nos elementos centrais das composicións, contribuíndo a achegarse ao esquecemento, a repensar o pasado. Teño que dicirche que non estou tolo, e que o que fago é unha vertente fotográfica recoñecida en todo o planeta. E aínda que poida resultarche estraño ten nome, Urbex.

O nome resulta ser a abreviatura de Exploración Urbana e, a pesar do que poidas pensar, ten incluso unhas regras básicas que hai que seguir, có gallo de seguir conservando este tipo de lugares: que non nos vexan entrar, non romper nada, non roubar nada e nunca revelar as localizacións exactas dos lugares. Que do teu paso só queden as pegadas.

A fotografía urbex non só recolle imaxes de espazos abandonados, tamén trata de localizar lugares cun valor arquitectónico que están fora do alcance da meirande parte da poboación. Requiere un estudo previo dos espazos, recoller información, viaxar ao lugar, buscar unha entrada e sacar tódalas fotos posibles.


Dentro da exploración urbana temos varios tipos: a exploración aérea, dende edificios de gran altura, grúas ou azoteas, coñecida tamén como rooftops; a exploración a ras de chan, que é a máis común, localizando edificios con zonas de interese para fotografar unha estética e unha beleza propias, ocultas; a exploración do solo e subsolo, a través da exploración de alcantarillas, túneles e edificios deshabitados e abandonados. Este último tipo é o máis rico, o que nos permite achegarnos a eses elementos que temos ao noso arredor e que pasan desapercibidos no noso día a día.

A combinación destas tres modalidades ofrécenos un abano tremendamente amplo de posibilidades dentro da fotografía urbex. Sen embargo é a cuarta vertente, a exploración do subsolo, a que afonda no abandonado, bebendo dos principios do Romanticismo, e da súa fascinación pola ruína e o esquecido, mesturado todo có modo de vida industrial asociado ao século XX.

A fotografía urbex mostra unha forma distinta de entender o paso do tempo sobre a cidade, resumindo toda unha maneira de ver a cidade que nos rodea. O meu nome é Carlos Muíños, e invítote a coñecer o meu punto de vista fotográfico. Benvido a Os soños esquecidos, desfruta destas imaxes e grazas por interesarte neste mundo que tanto me apaixona.

Carlos Muíños



















































































































































*Título exposición*  
**CARLOS MUIÑOS. Os soños esquecidos**

*Créditos exposición:*  
**Concello de Ferrol**

*Alcalde*  
**Ángel Mato Escalona**

*Concelleiro delegado de Cultura,  
Educación e Universidade*  
**Antonio Golpe Díaz**

*Exposición  
Coordinación*  
**José M. Liñeira**  
**Negociado de Cultura**

*Montaxe*  
**Eduardo López**  
**Inma Cartelle**  
**José M Liñeira**

*Catálogo  
Deseño e maquetación*  
**Ana Belén Modia Díaz**

*Fotografía*  
**Carlos Muíños**

*Impresión*  
**ALVA Servicios Gráficos**



Centro  
Torrente Ballester

